



Venres, 19 de decembro de 2008

Neria estuda a rehabilitación de 43 casas reitorais da Costa da Morte

O presidente da Asociación Neria, Ramón Vigo Sambade, anunciou que se está a negociar co Arcebispado de Santiago a sinatura dun convenio para a rehabilitación de 43 casas reitorais.

Para Ramón Vigo a recuperación destes edificios dándolles un uso produtivo como é o de casas vacacionais ou centros de interpretación do románico, enmárcase como unha acción máis das que leva realizando Neria no eido da potenciación do turismo na Costa da Morte.



50 anos de uso

No documento que se está discutindo estímase que o Arcebispado cederá o uso das casas reitorais a Asociación Neria durante 50 anos, coa condición de que este organismo se faga cargo dos custes e das obras de rehabilitación dos edificios. Pasado este tempo o Arcebispado recuperará a tutela das vivendas cedidas.

Neria pretende encarar este proxecto a longo prazo, aspirando a rematar as obras precisas dentro de doce anos.

Ramón Vigo precisou que o proxecto xurdiu en conversacións cos arciprestes de Duio, Soneira, Nemancos, Entines e Céltigos.